

**ACORDO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
E MEDTRONIC, S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO ESPECÍFICO DE MELLORA
CONTINUA PARA INCREMENTAR A CALIDADE ASISTENCIAL E A EFICIENCIA
OPERATIVA DAS UNIDADES ASISTENCIAIS DO COMPLEXO HOSPITALARIO
UNIVERSITARIO DE VIGO**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o 28.11.2016 o Servizo Galego de Saúde formalizou coa entidade Medtronic Ibérica, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 29.11.2020.

Que o instrumento convencional ven a concretar as obrigas asumidas polas partes a través do Convenio marco de colaboración formalizado o 26.08.2016, no cal se establecían as condicións ás que deberían suxeitarse aquelas co fin de articular e executar propostas que resultasen eficaces para xerar innovación, co obxectivo de mellorar os resultados en atención sanitaria aos pacientes do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Así as cousas, no acordo específico que se ven de formalizar determínanse un conxunto de actuacións, plasmadas nun Programa específico de colaboración que se xunta como anexo, de cara á definición, desenvolvemento e execución de actuacións que permitan mellorar a calidade, seguridade e eficiencia dos coidados da poboación asignada ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) e a súa rede asistencial.

A tal fin, Medtronic Ibérica, S.A. prestará a súa colaboración directamente a través dos seus propios recursos ou ben empregando a súa rede de recursos externos, mentres que o Servizo Galego de Saúde comprométese a prestar a súa colaboración a través da cooperación dos seus profesionais, a súa estrutura física e as súas instalacións, para dar cobertura ás actividades que, de mutuo acordo, determinen as partes para o desenvolvemento do programa, dirixidas a acadar unha innovación e mellora dos procesos asistenciais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Servizo Galego de Saúde, a través do CHUVI, desexa poñer en marcha un plan de desenvolvemento para profundizar en metodoloxías e actuacións que permitan unha mellora continua da eficiencia operativa e calidade das súas unidades asistenciais, e mais

concretamente, incrementar a eficiencia e calidade dos procesos de prestación asistencial á poboación pertencente á area de referencia do CHUVI.

Pola súa banda, Medtronic Ibérica, S.A., como sociedade activa no sector dos dispositivos médicos e solucións integrais para unha mellora na prestación da asistencia sanitaria, conta con experiencias específicas de solucións integrais no ámbito das unidades asistenciais, polo que está en disposición de proporcionar a colaboración que o hospital necesita para desenvolver o obxecto do acordo.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 19 de decembro do 2016.